



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:	
Data:	Nivel: CELGA 3 LECTURA FÁCIL

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:
DNI / NIE / Pasaporte:
Nacionalidade:
Data de nacemento: ___ / ___ / _____
Sexo: <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller
Lugar de nacemento: <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía
Lugar de residencia: <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea
Tipo de estudos cursados: <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para usos estatísticos.

INSTRUCCIÓN PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Le con calma estas instrucións antes de responder.
- Usa un bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Contesta ao que che pregunten.
- Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas de máis.
- Só se entrega este caderno de exame.
- Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal. Non uses líquido ou cinta correctora.
- Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota.
- **Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.**



2022310651

Celga



Certificado
Lingua
Galega

3



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C3-A-I-22-LF

Proba A1

A asociación sociocultural do teu barrio publica cada ano unha revista. Calquera veciño ou veciña pode colaborar nela.

Acabas de ver un documental sobre o Museo Galego do Xoguete de Allariz e decides escribir un **artigo** para a revista.

Escribe un texto para a revista, de **260 a 300 palabras**, no que debes:

- Dar a túa opinión sobre o importantes que son os xogos na vida das persoas.
- Explicar como foron cambiando os xoguetes co paso do tempo.
- Comparar os xoguetes que tiñas ti de neno cos que teñen os nenos e nenas de agora.
- Explicar por que che parece interesante o Museo Galego do Xoguete de Allariz.
- Animar a xente a visitar o Museo Galego do Xoguete de Allariz.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the A1 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Ti formas parte da asociación ecoloxista Caxigo.

A asociación Caxigo creou o Premio Vístete de Verde para premiar os costumes ecolóxicos no consumo de roupa.

A presidenta da asociación pídevos aos socios e ás socias que lle enviades propostas de empresas téxtiles que poden levar o premio.

Despois de ler o artigo «Ecosaias feitas en Galicia», decides escribirlle unha mensaxe electrónica á presidenta da asociación.

Na **mensaxe electrónica**, de **260 a 300 palabras**, tes que:

- Felicitar a presidenta por crear o premio e dar a túa opinión sobre o premio Vístete de Verde.
- Explicarlle á presidenta que requisitos debe cumprir a empresa gañadora do premio.
- Propoñerlle unha empresa que, na túa opinión, debe recibir o premio e xustificarlle por que a elixiches.
- Darlle algunhas recomendacións para organizar o acto de entrega do premio e ofrecerlle a túa axuda.



Ecossaias feitas en Galicia



Iria e Xulián naceron a carón do mar, en Moaña. Un día, inspirados pola forza do océano, decidiron crear **Xiro**.

Xiro é a primeira empresa galega que fai vaqueiros ecolóxicos.

A empresa Xiro creárona Iria e Xulián hai dous anos.

Había tempo que as dúas persoas fundadoras da empresa consumían produtos ecolóxicos como a comida, os produtos de hixiene e limpeza, pero notaron que había moi pouca roupa ecolóxica.

Como estas persoas querían vestir roupa ecolóxica, decidiron crear a fábrica para facer a roupa.

Na empresa Xiro comezaron polos pantalóns vaqueiros, unha peza básica, que pon a maioría da xente e que resiste ben o uso.

A empresa Xiro quere que a industria da moda fabrique as prendas sen contaminar o mundo e sen acabar cos recursos da natureza.



Xiro tamén quere evitar que o consumo excesivo provoque pobreza en moitos lugares do mundo.

Na empresa Xiro defenden escoller o respecto polas persoas, polos animais e pola natureza, para formar unha sociedade máis xusta.

A marca galega Xiro fabrica tecidos que teñen un certificado ecolóxico.

O certificado ecolóxico é o que garante que os cultivos das fibras e os procesos de fabricación están libres dos pesticidas e produtos tóxicos que están presentes na industria téxtil convencional.

Ademais, na empresa Xiro comprometéronse a fabricar todas as súas prendas de roupa en Galicia.

A empresa Xiro empaqueta as súas prendas en caixas e bolsas ecolóxicas.

Utilizan caixas de cartón e un derivado da pataca para os envíos por correo.

Nas feiras usan bolsiñas feitas con redes de pesca.

Todo está tan pensado que ata a etiqueta pendurada no pantalón pode sementarse e converterse nunha planta.

Nun futuro inmediato, na empresa Xiro queren introducir novos modelos e cores nos vaqueiros. Tamén queren crear conciencia sobre o coidado da natureza.

Na empresa Xiro queren realizar na vindeira tempada unha colección de camisetas que estarán feitas con restos de tecidos, materiais que non se usan e redes de pesca.

Xiro non é a primeira nin a única empresa téxtil ecolóxica de Galicia.

Nos últimos tempos, son varias as marcas de roupa que buscan crear vestidos, saias, camisetas ou pantalóns respectuosos co medio.

As empresas galegas de roupa ecolóxica naceron na proximidade das nosas casas, porque recuperaron unha industria téxtil que case desaparece. As súas prendas non son como as que fabrican na China, que son para usar e tirar ao pouco tempo.

As empresas ecolóxicas de roupa como Xiro utilizan unha materia prima pouco habitual: o plástico ou os restos doutros tecidos.

Un bo exemplo de empresas ecolóxicas é **Latitude**.

Latitude é unha empresa que acaba de presentar unha nova colección de moda para muller e home.

A roupa da empresa Latitude está confeccionada en Galicia e faise con materiais como o **lyocell**.

O lyocell é un tecido elaborado a partir da celulosa da madeira de eucalipto.

A empresa Latitude emprega o lyocell para facer camisetas de muller.



Outras prendas da empresa Latitude están confeccionadas con diferentes materias primas que poden causar moita sorpresa.

Na empresa Latitude collen as botellas de plástico, clasifícanas e, despois de limpalas, cortalas e sometelas a certos procesos mecánicos, convértenas nunha substancia da que se crea o tecido.

Así, as saias que a empresa Latitude inclúe na colección, están feitas cun tecido de gran calidade que procede de botellas de plástico recicladas.

Deste xeito, as botellas que eran lixo transfórmanas en algo con moito estilo, con menos gasto de auga e enerxía, e con menos contaminación.

Nesta colección, as americanas están feitas con la reciclada e restos, algo que non é nada novo.

Antes, cando un xersei vello xa ía moi gastado, triturábano e convertíanlo nunha manta. No proceso actual, na empresa Latitude usan a la sobrante ou reciclan a xa usada para crear un novo tecido e darlle unha nova vida.

Texto adaptado de Disquecool.com

NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA
COMEZA NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the A2 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the A2 test question.



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

